

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de xuño de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dez de xuño de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(567).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(568).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO PARA AMPLIACIÓN DA AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN LOCAIS DE PLANTA 4^a, 5^a, 6^a DO AUDITORIO E PAZO DE CONGRESOS DE VIGO. EXPTE. 19846/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.06.06, e o informe de fiscalización do 9.06.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, do 7.06.16, conformado pola xefa

da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e o concelleiro delegado da Área de Patrimonio, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- Con data 8 de novembro de 2012, o Concello de Vigo e o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra conviron a creación dunha Aula do dito Centro na cidade de Vigo que titorizaría as ensinanzas do curso de acceso directo á universidade para maiores de vinte e cinco anos e organizaría actividades non regradas para alumnos da cidade e a súa zona de influencia; convenio en virtude do cal o Concello de Vigo, entre outras obrigas, asumiu a de proporcionar gratuitamente a dito Centro Asociado da UNED o local ou locais necesarios, e perfectamente acondicionados, para o desenvolvemento das actividades educativas da Aula da UNED en Vigo.

2.- Ao indicado fin, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data 10 de decembro de 2015, autorizou o aluguer das tres plantas da zona complementaria, previstas inicialmente para oficinas, e seis prazas de aparcadoiro, na obra pública, "Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo", para o emprazamento da nova sede da Aula UNED en Vigo e a súa sala de estudo; contrato que foi asinado o día 15 seguinte.

3.- En data 20 de maio de 2016 a Xunta de Goberno local acordou "Aprobar o proxecto de obras "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO PARA AMPLIACIÓN DA AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN LOCAIS DE PLANTA 4º, 5º, 6º DO AUDITORIO E PAZO DE CONGRESOS DE VIGO", de data abril de 2016, redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de SEISCENTOS MIL (600.000,00 EUROS)"

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Área de Patrimonio de data 23 de maio de 2016, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

–O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL, correspondese co expediente administrativo 19842/240.

–Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández con data 25 de maio de 2016.

–Prego de prescricións técnicas particulares atópase, no proxecto redactado pola ARQUITECTA: IRIA URDAMPILLETA PÉREZ.

–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 6 de xuño de 2016.

–Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 6 de xuño de 2016.

2.- Condicións definitorias do contrato.

Destacan as seguintes:

a.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato

Execución das obras do "proxecto de execución das obras de acondicionamento de espazo para ampliación de aula Universitaria da UNED en locais de planta 4ª, 5ª e 6ª do Auditorio e Pazo de

Congresos Mar de Vigo” redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez e aprobado pola Xunta de Goberno en data 20.05.2016.

O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto aprobado co expediente 19842/240.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais. O artigo 27. 3. o) da LRBRL atribúe en exclusiva ao Estado e á Comunidade autónoma, a competencia para a cooperación coa Administración educativa a través dos centros asociados da UNED. Nembargantes, tal competencia seguirá sendo exercida, en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, polos municipios, en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación urxente.

A utilización da urxencia xustifícase amplamente na memoria xustificativa do contrato ao sinalarse que: “No marco do mencionado protocolo entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra procedeu a realizar a tramitación dun convenio de colaboración entre ambas institucións para a financiación por parte da Deputación Provincial do acondicionamento de espazos da nova aula da UNED no Auditorio Pazo de Congressos mar de Vigo.

O mesmo foi asinado en data 09.05.2016, sendo a partir de este momento que se conta cun compromiso firme de achega por un terceiro e se pode iniciar no Concello de Vigo expediente de modificación orzamentaria por xeración de crédito (segundo se establece nas bases 9ª e 10ª do orzamento municipal), realizada por Decreto do Alcalde-Presidente de data 18.06.2016. Non foi posible por tanto, ata esa data concretar a achega do terceiro – a Deputación provincial- e proceder á aprobación do expediente de contratación e consecuente aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A necesidade de que co comezo do curso universitario (mes de outubro) se atopen as aulas coas obras finalizadas e en funcionamento co obxecto de implantar en Vigo os novos grados anteriormente mencionados fai que por motivos de interese público sexa preciso declarar a urxencia da tramitación desta licitación”.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, están determinados en base ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, redactado por Dna. Iria Urdampilleta Pérez no cal se determina o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00 €) sendo o importe correspondente o IVE o de 104.132,23 Euros.

O valor estimado do contrato estipulase en CINCOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL CORENTA E UN EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (595.041,32 €)

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida: 3231.6220000 – Obras adaptación centro UNED, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento.

Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e os gastos derivados dos eu funcionamento serán asumidos no ámbito da xestión xeral deste servizo de acordo as condicións expostas na memoria xustificativa.

En relación a memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, consta informe xustificativo de necesidade e idoneidade de data 23.05.2016”.

d.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato.

De conformidade co establecido na memoria xustificativa do contrato e tamén na proposta de melloras para o acondicionamento da aula, establécense os seguintes criterios:

Criterios de adxudicación		Puntuación	
Criterios avaliados mediante xuízo de valor			
Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra	Descrición analítica e detallada do proxecto a executar	10	20
	Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra	5	
	Análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos á mesma	5	
Plan de control	Plan de controis de calidade a executar tendo en	2	3

<i>Criterios de adxudicación</i>		<i>Puntuación</i>	
<i>de calidade</i>	<i>conta as consideracións do proxecto</i>		
	<i>Plan de autocontrol interno da empresa</i>	<i>1</i>	
<i>Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais</i>	<i>Boas prácticas na execución da obra que permitan reducir o consumo enerxético ou de materias primas</i>	<i>1</i>	<i>2</i>
	<i>Actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva ou procesos de reciclado</i>	<i>1</i>	
<i>Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscrito á obra</i>		<i>5</i>	
<i>Criterios avaliados mediante fórmula</i>			
<i>Redución do prezo</i>		<i>50</i>	
<i>Melloras ofertadas recollidas no anexo III (importe total das ofertadas)</i>		<i>20</i>	
<i>Total</i>		<i>100</i>	

e.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

g.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, se esixe clasificación para este contrato. A clasificación que procede acreditar é: Grupo C, Subgrupo 4, Cataografía 3ª.

h.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

i.- Prazo de execución e prorroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 2 meses.

k.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

O medios persoais establecidos para este contrato son os seguintes:

<i>Técnico superior/medio, coas seguintes titulacións: arquitecto/ arquitecto técnico, enxeñerías ou enxeñerías técnicas en edificación civil ou industrial</i>	<i>2</i>
<i>Encargado</i>	<i>1</i>
<i>Oficial de primeira</i>	<i>3</i>
<i>Oficial de segunda</i>	<i>3</i>
<i>Axudante</i>	<i>3</i>
<i>Peón</i>	<i>9</i>
<i>TOTAL</i>	<i>21</i>

l.- Modificación do contrato:

Se contempla a súa posibilidade polas causas estabrecidas no PCAP.

O responsable do Contrato será o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, D. Óscar Couce Senra. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

n.- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

3.- PROPOSTA:

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do "PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO PARA A AMPLIACIÓN DE AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN LOCAIS DE PLANTA 4ª, 5ª E 6ª DO AUDITORIO E PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 3 de xuño de 2016.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00 €) (IVE incluído), correspondendo ao IVE o importe de 104.132,23€ de acordo co proxecto redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

O valor estimado do contrato estipulase en CINCOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL CORENTA E UN EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (595.041,32€)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3231.6220000 – Obras de adaptación centro UNED, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(569).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE SEIS OFICIAIS PAVIMENTADORES/AS, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 27983/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.16, dáse conta do informe-xurídico proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.06.16, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Mediante escrito remitido polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais coa conformidade do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 29/12/2015, solicítase o nomeamento interino, entre outros, de seis oficiais pavimentadores/as, por acumulación de tarefas por prazo de seis meses, aos efectos de dar resposta á demanda de asfaltados e arranxo de fochancas nos viais municipais, bacheados de viais públicos no rural e obras pendentes de execución por mor das condicións climatolóxicas adversas.

II. En atención a dito escrito, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, mediante instrución de data 18/04/2016, deu conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de seis oficiais pavimentadores/as por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

III. En cumprimento do ordenado, con data 30/05/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, EBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d).

De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 243-Oficial Pavimentador adscrito ao Taller de Vías e Obras, cód. 442), segundo consta da vixente Relación de Postos de Trabajo (RPT).

O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e, dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo e dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00h-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, debendo atender ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito remitido polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais coa conformidade do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 29/12/2015, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 18 de abril de 2016, no que se ordena o inicio do expediente e no informe do técnico de Organización e

Planificación de data 30/05/2016, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, ao tratarse dunha competencia que aínda sendo distinta das propias e das atribuídas por delegación, non se entenderá como exercicio de novas competencias, ao consistir na continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, ao amparo do disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, dacordo co establecido na Instrución 1/2014 da Intervención Xeral Municipal e nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do servizo de pavimentación de vías públicas como servizo público esencial no Concello de Vigo, ao estar entre as incluídas como propias no art. 25.2.d) e coma servizo obrigatorio no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de seis oficiais pavimentadores para Vías e Obras, supón un gasto de 66.696,84€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 25.211,52€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de dúas prazas de Oficial pavimentador/a, figurando na acta do tribunal de data 27 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación,

formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local do 13 de xaneiro de 2012.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do EBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De conformidade co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficiais pavimentadores dun dos tres únicos/as aspirantes que figuran na lista e que aceptou expresamente o mesmo, co núm. 3-DONA M^a CARMEN TOBÍO VILLAR, con DNI 36.088.774-A, acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Non existindo ningún outro candidato na lista anterior en disposición de ser nomeado, procede recorrer á lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais pavimentadores formada por acordo da Xunta de Goberno local na súa sesión do 15/03/2016 (expte. 27.575/220).

Aos efectos de completar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficiais pavimentadores por acumulación de tarefas, dos aspirantes da lista cos núms., 4-VELOSO COSTAS, JESÚS, con DNI 36.099.100-W, 7-CARRERA FERREIRA, JOSÉ ANTONIO, con DNI 39.461.220-M, 8-SOMOZA ESTÉVEZ, LUIS MIGUEL, con DNI 36.121.275-M, 12-LUGO PRADO, ELOY, con DNI 36.145.923-C e, 15-ARGIBAY CUSI, BORJA, con DNI 36.155.749-W, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais pavimentadores para o Taller de Vías e Obras, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo contidas no escrito remitido polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais coa conformidade do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 29/12/2015, e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 66.696,84€, xunto cos custes de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, a DONA M^a CARMEN TOBÍO VILLAR, con DNI 36.088.774-A, na súa condición de

seguinte aspirante que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de dúas prazas Oficiais pavimentadores, incluídas na relación dos/as aspirantes que integran a lista de que consta en acta do tribunal de data 27/10/2011; e a DON JESÚS VELOSO COSTAS, con DNI 36.099.100-W, DON JOSÉ ANTONIO CARRERA FERREIRA, con DNI 39.461.220-M, DON LUIS MIGUEL SOMOZA ESTÉVEZ, con DNI 36.121.275-M, DON ELOY LUGO PRADO, con DNI 36.145.923-C e, DON BORJA ARGIBAY CUSI, con DNI 36.155.749-W, procedentes da lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais pavimentadores formada por acordo da Xunta de Goberno local na súa sesión do 15/03/2016 (expte. 27.575/220).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (cód. 243-Oficial Pavimentador, para Taller de Vías e Obras, cód.442), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as, dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00h-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, debendo atender ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/a/s, ao xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(570).- NOMEAMENTO INTERINO CON CARGO A PRAZA VACANTE DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS PARA A ÁREA DE SERVIZOS XERAIS. EXPTE. 29159/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.06.16, dáse conta do informe-xurídico proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.06.16, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Mediante escrito do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, co conforme do concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación de data 03/05/2016, solicítase que se proceda á adscrición á referida área dun/dunha funcionario/a interino/a enxeñeiro de camiños, canais e portos de acordo ao disposto no artigo 10.1.a) do Estatuto Básico do Empregado Público, por existir actualmente un posto vacante, incluído na Oferta de Emprego Público do ano 2016, xustificando a súa urxencia no déficit de persoal e na previsión de inicio de execución das obras incluídas nos orzamentos municipais, así como as previstas a través de convenios coa Deputación provincial.

II. En atención a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 20/05/2016, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal prestou conformidade á referida proposta, dispoñendo que pola Área de Recursos Humanos e Formación se inicie a tramitación de expediente administrativo, que permita o nomeamento de funcionario interino nos termos do disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na praza e posto de enxeñeiro de camiños, canais e portos, actualmente vacante na Área de Fomento e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016.

III. En cumprimento do ordenado, con data 30/05/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionario de carreira en execución da Oferta de Emprego do 2016.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual a citada praza xa foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte).

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 316-Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, adscrito á Área de Servizos

Xerais-cód. 440) da vixente *Relación de Postos de Traballo (RPT)*, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e dacordo coas *Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello*, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo e, dacordo co informado polo técnico de Organización e Planificación, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das *Instrucións sobre xornada e horarios de traballo*, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, co conforme do concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación de data 03/05/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoalº de data 20/05/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais - dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas *Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo* derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación - considerándose a prestación do servizo como unha das competencias propias dos concellos contemplada no art. 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Así mesmo e, tal e como consta no informe técnico de data 30/05/2016, dase cumprimento á taxa de reposición de efectivos establecida no artigo 20.1 da LXPE do ano 2016, xa que a praza vacante está incluída na oferta de emprego público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte).

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto para a Área de Servizos Xerais, supón un gasto de 42.638,02 €, ao que haberá que engadir a cantidade de 13.367,02 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Xa que logo, o importe do custo de dito nomeamento para acometer o gasto proposto durante o que resta de ano 2016 (contabilizado

por 7 meses) ascende a un total de 24.872,18€ (42.638,02 :12 x 7 meses) e imputaríase con cargo á praza vacante existente na Área de Servizos Xerais, cód. 440, programa funcional 153.2 do vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos, nos termos do preceptivo e previo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita.

IV. Verificación das listas de reserva:

Dacordo co informado polo técnico de Organización e Planificación en data 30/05/2016, na última Oferta de Emprego Público (2008) executada no Concello de Vigo non existía praza ningunha de enxeñeiro de camiños susceptible de xerar listados de reserva de aspirantes, polo que foi necesario artellar un proceso selectivo que permitise os nomeamentos previstos no artigo 10.1 do EBEP, concretándose no expediente 21.762/220, cuxas bases de selección foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 28/01/2011, e posterior nomeamento de don Jerónimo Centrón Castaños, DNI 36.100.978-V, por acumulación de tarefas (art.10.1.d) do EBEP), mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 08/07/2011, como único aspirante que superou as probas selectivas de que constou dita oposición.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Así mesmo, no apartado II dos citados criterios contéplase que cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.

Xa que logo e segundo informa o técnico de Organización e Planificación, foi requirido o único aspirante que figura na lista - DON JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS, con DNI 36.100.978-V – que aceptou expresamente optar ao nomeamento proposto mediante escrito de data 27/05/16, acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación o cumprimento dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder á provisión interina dunha praza vacante de Enxeñeiro de camiños, canais e portos, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Categoría superior ao abeiro do disposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e dacordo co informado polo técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, xustificada nas necesidades contidas no escrito do

xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, co conforme do concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación de data 03/05/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto para o presente ano 2016 por importe de 24.872,18 €, xunto cos custos de Seguridade Social, con cargo ao programa orzamentario 153.2, partidas 120.00.00, 121.00.00 e 121.01.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino con cargo á referida praza vacante a D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS, con DNI 36.100.978-V, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.a) do TREBEP, toda vez que o referido aspirante superou todos os exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento dun enxeñeiro de camiños (expte. 21762/220) segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba ao interesado, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego público correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte), percibindo as retribucións correspondentes á praza ou categoría do posto de traballo asociado, neste caso as do posto cód. 316-Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, adscrito a Área de Servizos Xerais (cód. 440).

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde se por requirimento do servizo fose necesario, garantíndose os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, á Área de Servizos Xerias, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(571).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS, POR PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 28081/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.16, dáse conta do informe-xurídico proposta da técnica de Admón. Xeral, do 2.06.16, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Mediante escrito da Directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda de data 11/04/2016, solicítase a dotación urxente de tres auxiliares administrativo/a/s por acumulación de tarefas, xa que, ante a ampliación de competencias en materia de custos dende marzo de 2015 e a entrada en vigor da Lei 13/2015 de modificación da Lei do Catastro Inmobiliario, este Concello debe emitir o padrón IBI-Rústica e o Servizo de Xestión Catastral Delegada debe engadir 55.000 fincas rústicas ás 200.000 unidades urbanas, de xeito que é absolutamente imprescindible e necesaria a incorporación do referido persoal en aras de non desatender as funcións de verificación e comprobación de autoliquidacións tributarias e o inicio de procedementos de regularización tributaria detectados.

II. En atención a ditos escritos, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ordenou en data 06/05/2016 que pola Área de Recursos Humanos e Formación se inicie o expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino de tres Auxiliares Administrativo/a/s ou, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III. En cumprimento do ordenado, con data 30/05/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d).

De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (Cód. 138, Auxiliar Administrativo/a, adscrito/a á Dirección de Ingresos (cód. 500), da

vixente *Relación de Postos de Trballo (RPT)*, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino – ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, segundo informa o técnico de Organización e Planificación en data 30/05/2016 a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -7,30 a 15,00horas-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, se por requirimento do servizo fose necesario, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda de data 11/04/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 06/05/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220) a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos Servizos económicos coma un servizo interno ou central, de carácter transversal

cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello, en concreto, da xestión económica e tributaria municipal.

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres auxiliares de administración xeral para a Dirección de Ingresos, supón un gasto de 32.565,42€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 10.453,50€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratados como persoal interino ou laboral.

Neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, xa que o resto dos/das aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o

remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do TREBEP, polo que procede recorrer á lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

De acordo co anterior e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran nesta Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas das aspirantes que figuran nas posicións núm. 2-CARBALLEIRA FERNÁNDEZ, NOELIA, con DNI 32.708.122-Y, núm. 3- ÁLVAREZ CANELLA, IRIA MARÍA, con DNI 36.132.591-M e núm. 5-VIEIRA PARADA, ANA BELÉN con DNI 36.134.353-L, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento de tres auxiliares administrativo/a/s funcionario/a/s interino/a/s por acumulación de tarefas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Dirección de Ingresos, contida no escrito da Directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda de data 11/04/2016, e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 32.565,42 €, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer frónte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria/s interina/s por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, a dona NOELIA CARBALLEIRA FERNÁNDEZ, con DNI 32.708.122-Y, DONA IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, con DNI 36.132.591-M e DONA ANA BELÉN VIEIRA PARADA, con DNI 36.134.353-L, na súa condición de seguintes aspirantes na lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2015, xa que superaron todos os exercicios do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138, Auxiliar Administrativo/a, adscritas á Dirección de Ingresos (cód.500), sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose

aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016 desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -7,30 a 15,00horas-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, se por requirimento do servizo fose necesario, garantíndose os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/s, á Dirección de Ingresos, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(572).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN OFICIAL SEPULTUREIRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 28087/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.16, dáse conta do informe-xurídico proposta da técnica de Admón. Xeral, do 6.06.16, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Mediante escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 05/05/2016, solicítase que se proceda á cobertura urxente das prazas vacantes de oficiais sepultureiros, pola escaseza de recursos humanos existentes no Departamento para cubrir os servizos nos oito cemiterios municipais, que podería provocar que non poidesen ser atendidas varias inhumacións de ter lugar no mesmo día en distintos cemiterios; situación que se verá agravada ao estar próximo o inicio do período vacacional.

II. En atención a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 06/05/2016, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local,

dun/ha oficial sepultureiro/a por un período máximo de seis meses, segundo o disposto no art. 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo/a seguinte aspirante da lista de substitucións ou bolsa de efectivos resultante da última oferta de emprego público correspondente ao ano 2008, á maior brevidade posible.

III. En cumprimento do ordenado, con data 30/05/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, adscrito a Cemiterios cód. 303) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo e dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación, a xornada desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,60h- en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 05/05/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 06/05/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de Cemiterios e actividades funerarias como servizo público esencial no Concello de Vigo, ao estar entre as incluídas como propias no art. 25.2.k) e coma servizo obrigatorio no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial sepultureiro/apara o Servizo de Cemiterios, supón un gasto de 11.271,62 €, ao que haberá que engadirse a cantidade de 4.260,66 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dunha praza de Oficial sepultureiro/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 21 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación, que formalizou contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local do 13 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos seis aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do EBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como oficial sepultureiro do aspirante nº 1 - D. MANUEL ÁNGEL CURRÁS VILAR, con DNI 36.109.826-X, nº persoal 82747, que aceptou expresamente mediante escrito de data 10 de maio, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, acreditando neste Área de Recursos Humanos e Formación os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que nesta data ningún/ningunha outro/a aspirante reúne os requisitos para ser novamente nomeado, ben por renuncia ou porque aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que

finalizou o último nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido TREBEP.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial Sepultureiro/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, contida no escrito do 11 de setembro de 2015 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 11.271,62 €, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, a D. MANUEL ÁNGEL CURRÁS VILAR, con DNI 36.109.826-X, nº persoal 82747, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficiais Sepultureiros, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205, Oficial sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios (cód. 303), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(573).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO”. EXPTE. 3219/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de fomento, do 6.06.16, conformado polo técnico de Admón. Xeral-xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Polo Pleno do Concello de Vigo de Vigo de data 30.03.2016 acordouse aprobar a modificación orzamentaria nº 16/2016 por unha contía de 7.100.000,00 euros, para facer fronte aos diversos investimentos que mais abaixo se relacionan e que teñen por finalidade dar aplicación a unha parte do superávit orzamentario obtido da Liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2015. A modificación orzamentaria nº 16/2016 incorporada ao expediente 3814/440, confórmase dun Crédito Extraordinario por unha contía de 5.000.000,00 de euros e un Suplemento de crédito por unha contía de 2.100.000,00 euros. Na mesma contéplase a aplicación orzamentaria 1532.6190084 “H. Vía Norte (entre T. Vigo e E.G. Fernández) por importe de 1.350.000 €.

2.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 18/02/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 19.747,90 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

3.- O proxecto presentado por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. , en execución do contrato, redactado polo Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN TRESCENTOS COARENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON COARENTA E DOUS CÉNTIMOS(1.349.681,42 EUROS) e data de maio de 2016.

4.- O Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, con data 11/05/2016, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro

Delegado de Fomento, con data 05 de maio, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5.- O ámbito de actuación é a Vía Norte, no tramo comprendido entre a rúa Travesía de Vigo e a rúa Escultor Gregorio Fernández, co obxectivo da renovación das beirarrúas e de tódolos servizos.

Se instalará unha nova rede de abastecemento de fundición dúctil de diámetro 150 mm, en ambas marxes.

Se disporá unha rede separativa de saneamento, renovándose todas as acometidas e sumidoiros. As tubarías proxectadas son de PVC liso de 315 e 400 mm de diámetro.

Así mesmo, se instalará unha nova rede de alumeado, e se disporá a canalización necesaria para permitir o soterramento das redes aéreas de telecomunicacións e a rede eléctrica.

Se proxecta a instalación de rego automático para dar servizo tanto a las especies arbóreas como ás plantacións das xardineiras.

Se instalará mobiliario urbano.

A pavimentación da beirarrúa se realizará con lousa de granito de cor gris alba. Os vados de vehículos estarán compostos por lastros de granito branco mera.

O aparcamento estará composto por unha capa de 20 cm de hormigón.

A calzada estará composta por dúas capas de MBQ de 7 e 5 cm de espesor, que irán sobre unha capa de 20 cm de HM-20.

Nos semáforos se instalarán ópticas de leds de verde de peatón con sistema acústico para invidentes integrado, activable por bluetooth ou mando a distancia.

Se plantarán 41 árbores nas beirarrúas e se colocarán xardineiras nos encontros coas outras rúas con diversas especies de arborado e plantas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

6.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 1 de maio de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

1.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o proxecto de obras para a Humanización da Rúa Vía Norte, Fase I (entre Travesía de vigo e Escultor Gregorio Fernández) redactado polo Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN TRESCENTOS COARENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON COARENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.349.681,42 EUROS) e data de maio de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(574).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE. FASE I, ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ”. EXPTE. 3223/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de fomento, do 6.06.16, conformado polo técnico de Admón. Xeral-xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Polo Pleno do Concello de Vigo de Vigo de data 30.03.2016 acordouse aprobar a modificación orzamentaria nº 16/2016 por unha contía de 7.100.000,00 euros, para facer fronte aos diversos investimentos que mais abaixo se relacionan e que teñen por finalidade dar

aplicación a unha parte do superávit orzamentario obtido da Liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2015. A modificación orzamentaria nº 16/2016 incorporada ao expediente 3814/440, confórmase dun Crédito Extraordinario por unha contía de 5.000.000,00 de euros e un Suplemento de crédito por unha contía de 2.100.000,00 euros. Na mesma contéplase a aplicación orzamentaria 1532.6190084 "H. Vía Norte (entre T. Vigo e E.G. Fernández) por importe de 1.350.000 €.

2.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 18/02/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 19.747,90 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

3.- O proxecto presentado por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. , en execución do contrato, redactado polo Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN TRESCIENTOS COARENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON COARENTA E DOUS CÉNTIMOS(1.349.681,42 EUROS) e data de maio de 2016.

4.- O Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, con data 11/05/2016, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 05 de maio, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5.- O ámbito de actuación é a Vía Norte, no tramo comprendido entre a rúa Travesía de Vigo e a rúa Escultor Gregorio Fernández, co obxectivo da renovación das beirarrúas e de tódolos servizos.

Se instalará unha nova rede de abastecemento de fundición dúctil de diámetro 150 mm, en ambas marxes.

Se disporá unha rede separativa de saneamento, renovándose todas as acometidas e sumidoiros. As tubarías proxectadas son de PVC liso de 315 e 400 mm de diámetro.

Así mesmo, se instalará unha nova rede de alumeadado, e se disporá a canalización necesaria para permitir o soterramento das redes aéreas de telecomunicacións e a rede eléctrica.

Se proxecta a instalación de rego automático para dar servizo tanto a las especies arbóreas como ás plantacións das xardineiras.

Se instalará mobiliario urbano.

A pavimentación da beirarrúa se realizará con lousa de granito de cor gris alba. Os vados de vehículos estarán compostos por lastros de granito branco mera.

O aparcamento estará composto por unha capa de 20 cm de hormigón.

A calzada estará composta por dúas capas de MBQ de 7 e 5 cm de espesor, que irán sobre unha capa de 20 cm de HM-20.

Nos semáforos se instalarán ópticas de leds de verde de peatón con sistema acústico para invidentes integrado, activable por bluetooth ou mando a distancia.

Se plantarán 41 árbores nas beirarrúas e se colocarán xardineiras nos encontros coas outras rúas con diversas especies de arborado e plantas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

6.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 1 de maio de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracions Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o proxecto de obras para a Humanización da Rúa Vía Norte, Fase I (entre Travesía de vigo e Escultor Gregorio Fernández) redactado polo Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN TRESCENTOS COARENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON COARENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.349.681,42 EUROS) e data de maio de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.